

**CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES MEDIOS DE COMUNICACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DE PROGRAMAS EDUCATIVOS.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

**DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades formalizou con distintos medios de comunicación (Corporación Voz de Galicia, S.L., Faro de Vigo, S.A., El Progreso de Lugo, S.L., La Región, S.A., Rías Baixas Comunicación S.A., Lérez Ediciones, S.L., La Opinión de la Coruña, S.L., La Capital, S.L.) os instrumentos convencionais arriba referidos por un período de vixencia que abrangue dende o día das súas sinaturas ata o 31 de decembro de 2022.

Que os instrumentos convencionais teñen por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración técnica e económica para o desenvolvemento de accións de promoción e difusión de programas educativos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

**Primeiro.-** A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades é conforme o Decreto 119/2022, de 23 de junio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o departamento da Xunta de Galicia que ten por obxectivo garantir un sistema educativo de calidade, inclusivo, equitativo e orientado ao pleno desenvolvemento de todas as persoas, fomentando a colaboración e coordinación con outras entidades públicas e privadas para o desenvolvemento de plans e accións formativas na dimensión social da educación.

**Segundo.-** As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outros entes de dereito público ou privado para a consecución dun fin común, baixo o réxime xurídico establecido no capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



**Terceiro.-** As partes son conscientes de que un servizo educativo participativo e de calidade debe responder ás novas demandas sociais de modo eficaz, completando a oferta do ensino e fomentando as condicións de igualdade de oportunidades para a formación de toda a cidadanía. Nos tempos actuais a educación integral do alumnado demanda a colaboración de toda a comunidade educativa e outras institucións da sociedade para atender as aspiracións e necesidades do alumnado e familias, especialmente no que atinxe ao desenvolvemento de actividades extra curriculares.

**Cuarto.-** Tendo en conta a gran repercusión e difusión social que teñen os medios de comunicación son instrumentos moi eficaces, tanto para dar a coñecer a labor e actuacións que no ámbito do aprendizaxe comunicativo se desenvolve nos centros educativos de forma que poida ser comprendido da mellor maneira posible pola cidadanía, como para o aprendizaxe de habilidades e capacidades comunicativas do alumnado, polo que a súa colaboración é imprescindible.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Manuel Vila López

